

GRAO EN SOCIOLOXÍA
TRABALLO DE FIN DE GRAO
CURSO ACADÉMICO: 2014-2015
CONVOCATORIA: SETEMBRO 2015

**A FUSIÓN DOS CONCELLOS DE CESURAS E OZA DOS RÍOS: UNHA
INVESTIGACIÓN SOCIOLÓXICA.**

LA FUSIÓN DE LOS AYUNTAMIENTOS DE CESURAS Y OZA DOS RÍOS:
UNA INVESTIGACIÓN SOCIOLÓGICA.

THE MERGER OF THE MUNICIPALITIES OF CESURAS AND OZA DOS
RÍOS: A SOCIOLOGICAL RESEARCH.

Autora: MARTÍNEZ RILO, SONIA
Director: CARDESÍN DÍAZ, JOSÉ MARÍA

RESUMO: O seguinte traballo busca analizar o proceso de fusión de concellos dende unha perspectiva multidisciplinar: económica, política, histórica, urbanística, e sociolóxica, centrándose no caso máis recente do panorama español: o dos dous concellos coruñeses de Cesuras e Oza dos Ríos, que logo de unirse deron nacemento a Oza-Cesuras. Para isto, faremos un repaso da teoría existente sobre este tema, ademais de centrarnos nas variacións máis recente do mapa municipal español, así como da realidade europea. Ademais, analizaremos os discursos políticos, a opinión dos veciños, e o tratamento que a prensa lle dou a este recente fenómeno.

PALABRAS CHAVE: fusión de concellos, Cesuras, Oza dos Ríos, Oza-Cesuras, socioloxía histórica.

RESUMEN: El siguiente trabajo busca analizar el proceso de fusión de ayuntamientos desde una perspectiva multidisciplinar: económica, política, histórica, urbanística y sociológica, centrándose en el caso más reciente del panorama español: el de los dos ayuntamientos coruñeses de Cesuras y Oza dos Ríos, los cuales tras unirse dieron nacimiento a Oza-Cesuras. Para ello, haremos un repaso de la teoría existente sobre este tema, además de centrarnos en las variaciones más recientes del mapa municipal español, así como de la realidad europea. Además, analizaremos los discursos políticos, la opinión de los vecinos, y el tratamiento que la prensa le ha dado a este reciente fenómeno.

PALABRAS CLAVE: fusión de ayuntamientos, Cesuras, Oza dos Ríos, Oza-Cesuras, sociología histórica.

ABSTRACT: The following paper will analyze the merging process of municipalities from a multidisciplinary point of view, this being: economic, political, historical, urban and sociological. With the former being focused on the latest case in Spanish panorama, which is considered to be Cesuras and Oza dos Ríos, both linked to Coruña's municipalities and hereby creating a new one called 'Oza-Cesuras' after its fusion. With this being said, the existing theory on this subject will be reviewed and aside from this, some light will be shed on the most recent variation in the general overview of Spanish municipalities. In addition, there will be a further analysis of political speeches,

neighbours' viewpoints and how the press has dealt with and taken this event into account.

KEYWORDS: Merging process of municipalities, Cesuras, Oza dos ríos, Oza-Cesuras, historical sociology.

LIMIAR

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. Orixinalidade e xustificación do traballo	2
1.2. Obxectivos	3
1.3. Hipóteses	3
2. MARCO TEÓRICO.....	4
2.1. A organización político-administrativa do Estado. A recadación e distribución de impostos	4
2.2. Os cambios nas competencias municipais tras unha fusión	7
2.3. As políticas de fusión de concellos. A lexislación vixente	8
3. METODOLOXÍA E FONTES.....	17
4. INVESTIGACIÓN.....	20
4.1. Contexto histórico	20
a) Que está pasando en Europa?	20
b) Que está pasando en España? As variacións mais recentes na distribución española de concellos: fusionés e segregacións	24
c) Por que só se realizou un experimento fusionador en España dende a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local?.....	27
4.2. Os dous concellos antes de fusionarse: Cesuras e Oza dos Ríos.....	29
4.3. O novo concello: Oza-Cesuras	42
4.4. A narrativa mediática e política. A novas de prensa	44
4.5. A opinión dos veciños	47
6. CONCLUSIÓNS.....	56
6.1. Fortalezas e debilidades do traballo.....	58
7. BIBLIOGRAFÍA.....	60
8. ANEXOS.....	63

1. INTRODUCCIÓN

Tras a Revolución Francesa acaecida no ano 1789, a orde administrativa establecida ata o momento cambiou considerablemente e foi nese momento cando se deseñou a estrutura municipal actual. O obxectivo que se pode atopar detrás de tal frase era o de fragmentar o poder político e administrativo, acercándoo ao pobo e facéndoo así máis democrático, é dicir, buscábase devolverlle o poder ao pobo.

A Constitución de Cádiz de 1812, ano no que se crearon os actuais concellos, seguía a premisa francesa desta época que cifraba “cada vila, cada pobo, burgo ou cidade debe contar cun concello”; polo tanto o noso mapa municipal segue o modelo francés.

Na actualidade, os municipios conforman unha peza chave no presente sistema territorial, pois son o ente político máis achegado ao cidadán, e o que mellor pode atender as súas demandas, pero debido á antigüidade da súa estruturación, sofren dun gran problema de inadecuación aos tempos que corren, e está a quedarse obsoletos. Por un lado aparecen problemas de insuficiencia de medios económicos, onde nos atopamos con débedas descomunais e contas sen sanear; a isto hai que sumarlle a imposibilidade, en determinados casos, de prestar aos veciños os servizos básicos para manter a calidade de vida, debido á falta de medios, motivada polo reducido número de usuarios; por outro lado, xorde o problema do inframunicipalismo, isto é, moitos municipios con moi poucos habitantes, que obriga a realizar un gran investimento en infraestruturas e servizos básicos para levar a cabo o día a día.

Por todos estes motivos, dun tempo a esta parte estase a falar dende as institucións políticas da necesidade de reestruturar o mapa político para axeitalo á realidade do século XXI; a medida mellor valorada para acadar esta necesaria distribución é a fusión de concellos.

Durante o presente traballo analizaremos este fenómeno de fusión de concellos, que, a pesar de presentarse como a medida estrela da racionalización do mapa municipal español, non logrou a acollida que se esperaba, pois só se levou a cabo nos dous concellos protagonistas deste estudo: Oza dos Ríos e Cesuras, agora convertidos en Oza-Cesuras.

1.1. Orixinalidade e xustificación do traballo.

O traballo que a continuación se presenta, nace coa intención de acercar un tema tan novidoso e descoñecido ao lector, e ten o seu xerme no interese e na curiosidade persoais que tal proceso espertou en min debido á cercanía coa que me tocou vivilo como veciña do antigo concello de Cesuras.

Se nos trasladásemos dous anos atrás, no 2013, e nos situásemos en Cesuras ou Oza dos Ríos, o comentario principal da maioría dos veciños sería algo parecido a “eu non sei se a fusión será boa ou mala, porque é a primeira que vou vivir e non sei nin como funciona”¹; este é o motivo principal polo que decidín optar polo tema “ A fusión dos concellos de Cesuras e Oza dos Ríos: unha investigación sociolóxica”, polo descoñecemento que se ten (e teño) sobre este tema.

No momento de comezar a traballar con material que tocase a temática da fusión de concellos, atopeime con que existe moi pouca literatura recente enfocada a estudar este fenómeno; se ben é certo que existen traballos actuais sobre a fusión de concellos, estes tratan o tema dende unha perspectiva de apoio a esa urxencia por aplicar unións de concellos, sen centrarse concretamente nos pros e contras, nos condicionantes, e no futuro dos concellos que acaten esta medida.²

Outro tipo de traballos son os que toman a comarcalización ou as mancomunidades como resposta a este mapa municipal tan inviable (Precedo Ledo, 1987).

Polo tanto, vemos cómo existen contables traballos onde o protagonista é o problema da distribución actual do mapa municipal (Sosa Wagner, 1987), pero non centrados claramente no tema que aquí se trata. Este motivo fixo que o traballo de busca de información fose arduo e laborioso.

¹ Diálogo similar ao dito por un veciño de Cesuras, e escoitado pola investigadora durante a observación participante

² ROFRÍGUEZ GONZÁLEZ, R., *Territorio y gobierno local en España. Un planteamiento de reestructuración por fusión como realidad necesaria*, Thomson/Civitas, Madrid, 2005.
ROFRÍGUEZ GONZÁLEZ, R., *Reformar la administración territorial. Municipios eficientes y viables.*, Netbiblio, A Coruña, 2009.

1.2. Obxetivos.

Como obxetivos deste traballo, fixamos os seguintes:

- Estudar o proceso de fusión de concellos á luz da experiencia Europea e Española para poder establecer contrastes e comparacións.
- Analizar a opinión dos veciños de Oza-Cesuras, pois son os maiores implicados no proceso.
- Analizar a opinión publicada tanto na prensa, coma os discursos políticos, para comprobar se existe unha liña coherente ou non.

1.3. Hipóteses.

Partimos nesta investigación de tres hipóteses iniciais:

- O proceso é mais complicado que unha simple tendencia europea á fusión, pois hai diferenzas entre países, e Oza-Cesuras constitúe unha excepción.
- Deberían existir diferenzas nas opinións dos veciños dependendo de dúas variables: a localidade de residencia, e a ideoloxía política.
- Existe unha limitada coherencia na edición do xornal La Voz de Galicia entre as novas co paso do tempo, e mais entre as novas publicadas na versión en papel e a versión en liña, o que podería ter que ver coa limitada coherencia da liña da fusión. De existir incoherencia, o xornal podería emendalo elixindo a páxina onde publica as novas.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. A organización político-administrativa do Estado. A recadación e distribución de impostos.

España conta cunha organización político-administrativa composta de catro estadios: o Estado, as Comunidades Autónomas, as Deputacións Provinciais, e os concellos.

Na actualidade en España existen 17 Comunidades Autónomas e dúas cidades autónomas (Ceuta e Melilla). Estes órganos gozan de certa autonomía legislativa, xa que contan con representantes propios, e tamén con algunhas competencias administrativas e executivas. Os órganos cos que contan todas as Comunidades Autónomas son os seguintes: a Asemblea Lexislativa, elixida por sufraxio universal; o Consello de Goberno; e o Presidente da Comunidade, elixido pola Asemblea. As eleccións realízanse cada catro anos, pero Galicia, Cataluña, Andalucía e o País Vasco, ao ser Comunidades Históricas seguen un réxime diferente onde dispoñen doutras datas para levar a cabo ditas eleccións, respectando sempre o período de catro anos.

As Deputacións Provinciais son o órgano de goberno da Provincia, existentes en España dende 1836. Suman un total de 41, xa que as Comunidades Autónomas uniprovinciais (Madrid, Asturias, A Rioxa, Cantabria, Murcia, e Navarra) non dispoñen desta figura. Son un órgano de elección indirecta, pois os seus membros son elixidos a partir dos resultados dos comicios locais seguindo a seguinte escala:³

- Hasta 500.000 habitantes: 25 deputados.
- De 500.001 a 1.000.000 habitantes: 27 deputados.
- De 1.000.001 a 3.500.000 habitantes: 31 deputados.
- De 3.500.001 habitantes en adiante: 51 deputados.

Dentro destas 41 Deputacións, as tres pertencentes ao territorio do País Vasco (Áraba, Bizkaia e Gipúzkoa) reciben o nome de Deputacións Forais e diferéncianse das provinciais en que son órganos de elección directa⁴. Nas

³ Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

⁴ Lei 1/1987 de 27 de marzo, de Eleccións para as Xuntas Xerais dos Territorios Históricos de Áraba, Bizkaia e Gipuzkoa.

illas non existen Deputacións Provinciais, no seu sitio atopamos un Consello Insular (Consell Insular) no caso de Baleares, e un Cabildo en Canarias.

Na actualidade, debido ao contexto de crise e á necesidade de aforro que esta trae consigo, están aparecendo sectores críticos con este órgano, que sosteñen que a organización político administrativa de España está totalmente obsoleta, e que as Deputacións son perfectamente prescindibles.

O concello é o órgano de goberno menor en España, encargado de realizar as funcións de administración local de cada municipio. Actualmente, no total de España hai 8.115 concellos, dos cales 314 son galegos. Á cabeza do concello sitúase o Alcalde, que xunto cos concelleiros, forman o pleno municipal; este é elixido cada catro anos mediante elección directa polos habitantes de cada municipio.

O Estado ten como órgano político e administrativo ao Goberno Estatal, que é o encargado de organizar o funcionamento do país. Este divídese en Ministerios para poder administrar da mellor maneira posible todas as necesidades do noso territorio. Neste apartado faremos especial fincapé no Ministerio de Facenda e Administración Pública.

Para realizar a tarefa de recadación de impostos, tan imprescindibile para asegurar o ben común a través da realización de gasto e investimento público, O Ministerio de Facenda e Administración Pública válezse dun órgano dependente deste, a Axencia Tributaria. Dentro do sistema tributario español existen tres niveis: o estatal, o autonómico, e o local. Ademais, España recibe anualmente unha partida presupostaria que chega dende a Unión Europea.

O nivel estatal é o xestionado pola Axencia Tributaria, e engloba os seguintes impostos: directos (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, Imposto sobre a Renda de non residentes, e Imposto sobre Sociedades), e indirectos (Imposto sobre o Valor Engadido, Impostos especiais, e Impostos sobre as Primas de seguros).


O seguinte nivel é o sistema tributario autonómico, que está regulado pola Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas, a cal limita o poder recadatorio das administracións autonómicas. Os impostos máis xerais das Comunidades Autónomas son os seguintes: Impostos sobre o xogo, Impostos medioambientais, Imposto sobre a renda potencial, Imposto sobre grandes

superficies comerciais, e Imposto sobre aproveitamentos cinexéticos. Recentemente incorporáronse á xestión e recadación autonómica uns impostos que eran de natureza estatal: Imposto sobre sucesións e doazóns, e Imposto sobre transaccións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Por último, temos o sistema tributario local, propio dos concellos. Os impostos propios deste sistema son: o Imposto sobre ben inmobles, o Imposto sobre actividades económicas, e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica; e os impostos voluntarios son: o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos, e o Imposto sobre os cotos de caza e pesca. Ademais, os concellos que son capital de provincia e posúen máis de 75.000 habitantes, reciben a cesión de certos impostos estatais.

A pesar da existencia do sistema tributario autonómico e o local, a maioría dos impostos que reciben as Comunidades Autónomas veñen dende o Estado.

Gráfica 1.
Porcentaxe de presuposto ingresado por cada nivel.⁵



Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos nas páxinas web do Ministerio de Facenda e da Unión Europea.

⁵ O porcentaxe correspondentes ao nivel europeo reflexan só a partida que se destina a España, non todo conxunto da recadación dentro do marco da Comunidade Europea.

Táboa I.

Porcentaxe de presuposto ingresado por cada nivel

NIVEL EUROPEO	13.752.000.000 €
NIVEL ESTATAL	386.350.000.000 €
NIVEL AUTONÓMICO	139.144.585.000 €
NIVEL LOCAL	65.204.389.000 €

Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos nas páxinas web do Mnisterio de Facenda e da Unión Europea.

2.2. Os cambios nas competencias municipais tras unha fusión.

A nova estrutura municipal tras unha fusión conleva efectos que repercuten directamente na prestación dos servizos locais, ademais da evidente reorganización de persoal, equipamentos, edificios... co fin de non duplicalos, o que xeraría un gasto innecesario e non cumpriría unha das máximas dos procesos de fusión: o aforro económico. Isto non quere dicir que a fusión provoque unha redución de persoal, senón todo o contrario, xa que ao existir un maior número de habitantes, sería preciso unha maior especialización no desempeño das tarefas, o que podería conlevar a necesidade de ampliación da plana local.

Con concellos fusionados que aumentan o seu tamaño e a súa poboación, poderase garantir a continuidade de servizos existentes que, por falta de poboación, poden estar sendo prestados de maneira precaria. Ademais, poderíase ampliar o nivel de cobertura destes servizos ao conxunto da poboación do municipio. E todo isto reducíndose o custo per cápita dos servizos prestados.

Ao aumentar os servizos prestados, tamén medran as infraestruturas debido ao incrementos de ingresos e gastos, o que á súa vez favorece a competitividade do municipio e aumento o desenvolvemento do territorio.

Os concellos fusionados podería asumira tamén novas competencias ao traspasarse servizos dende o goberno autonómico ao local, debido ao aumento de poboación.

A grandes rasgos, os beneficios dos concellos fusionados podería resumirse en catro puntos:

- Asunción de novas competencias.
- Maior grao de autonomía local.
- Maior calidade de vida da poboación.
- Maior desenvolvemento do territorio.

2.3. As políticas de fusión de concellos. A lexislación vixente.

Dentro do marco da crise do Antigo Réxime, estableceuse unha nova organización territorial derivada da transformación do modelo de Estado e Administración. Seguindo o modelo liberal napoleónico, prantexouse a construción dun Estado centralizador onde se lle outorgaban amplas competencias aos concellos, e onde a súa maior representación, o alcalde, concentraba o poder executivo. Tras a morte de Fernando VII, no ano 1833 consolidouse esta concepción liberal da organización territorial, realizándose neste momento a división provincial de Javier de Burgos, que eliminou as antigas divisións territoriais e instaurou un novo mapa con cincuenta e dúas provincias. No ano 1836 fíxanse as deputacións, que foran eliminadas durante a restauración fernandina (1823-1833), e mais os límites a dos concellos.⁶

O primeiro censo realizouse en 1842, momento no que se contaban 11.271 municipios. Sen embargo, tres anos despois desaparecerán 1.916 municipios

⁶ De Castro, Concepción (1979): *La Revolución liberal y los municipios españoles*, Madrid: Alianza.


como consecuencia da Lei de Organización e Atribucións dos Concellos, de 8 de xaneiro de 1845. No século XX, debido á aplicación da Lei de Modificación Parcial do Réxime Local, de 23 de xuño de 1966, extinguíronse outros 1.247. En consecuencia, o número de municipios en España viuse reducida nun 30% durante un século.

O proxecto de bases para a Lei Orgánica Municipal de 1906 recalcaba a obrigación de alcanzar os 2.000 habitantes por municipio, para o cal se debería incorporar aqueles concellos que non alcanzasen este número aos máis próximos.

É a partir da restauración democrática dos concellos cando se inverte esta tendencia fusionadora; así, en 1980 comeza un progresivo aumento de concellos ata alcanzar os 8.117 no 2001 (véxase gráfica 2). Ademais deste concellos, España conta con 3.720 entidades locais menores.

Gráfica 2.

Variación no número de concellos en España e Galicia (1842-2001).



Fonte: elaboración propia a partir de datos extraídos dos censos de poboación do INE.

Podemos ver na gráfica 2 cómo o número de municipios sufriu cambios constantemente tanto no conxunto de España como en Galicia, aínda que ben é certo que os períodos de maior cambio foron os de 1842-1887, e 1960-2001.

Debido á utilización de dúas escalas diferentes para poder representar os dous casos unidos, pode parecer que no caso do conxunto de España se producise menos variacións que en Galicia, pero mirando as cifras que aparecen na táboa I vemos como a redución foi de case 2.000 municipios, mentres que en Galicia foi de tan só 7.

Táboa II.
Variación no número de concellos en España e Galicia (1842-2015).


ANO	ESPAÑA	GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
1.842	11.271	326	100	64	95	67
1857	9.355	324	97	64	95	68
1860	9.370	322	97	61	96	68
1877	9.343	322	97	61	96	68
1887	9.287	323	96	64	97	66
1897	9.274	323	97	64	97	65
1900	9.267	323	97	64	97	65
1910	9.263	322	97	64	97	64
1920	9.256	319	96	64	97	62
1930	9.262	319	95	66	94	64
1940	9.256	319	94	67	94	64
1950	9.214	316	94	67	93	62
1960	9.202	315	94	67	93	61
1970	8.655	312	93	66	92	61
1981	8.022	312	93	66	92	61
1991	8.077	313	94	66	92	61
2001	8.108	315	94	67	92	62

Fonte: elaboración propia a partir de datos extraídos dos censos de poboación do INE.

Só 379 dos concellos españois, que supoñen o 5% do total, contan con máis de 20.000 habitantes, mentres que 4.789 (o 60%) contan con menos de 1.000 habitantes.

Gráfica 3.

Número de concellos en España e Galiza según habitantes (2013).



Fonte: elaboración propia, a partir dos datos extraídos das seguintes fontes: INE, IGE, e Rexistro de Entidades Locais (publicado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

Ao igual que na gráfica 2, na gráfica 4 utilizamos dúas escalas diferentes para poder representar os datos nacionais e galegos xuntos.

Neste caso vemos cómo no conxunto de España existe un gran problema de inframunicipalismo, isto é: un gran número de municipios con moi poucos habitantes; pola contra, en Galicia a maior parte dos concellos teñen entre 1.000 e 5.000 habitantes (estando o límite aceptable de concellos viables en 2.000 habitantes). Isto fainos ver que no total español son moi necesarias as fusións de concellos, sobre todo en Castela e León, onde existen 2.002 municipios con menos de 5.000 habitantes⁷ (case a metade do total nacional).

No caso de concellos con máis de 5.000 habitantes podemos ver como tanto en Galicia como en España o número de concellos se reduce considerablemente, e xa falando de concellos con grandes cantidades poboacionais (10.000 habitantes en adiante) as cifras son realmente pequenas, aínda que é certo que estes municipios seguen medrando en número de habitantes.

Atopámonos entón, por un lado, cun reducido número de grandes municipios no que a poboación se refire que provoca o desbordamento dos límites físicos propios do concello e a absorción dos limítrofes e, por outro lado, cunha

⁷ Censo de poboación 2001, INE.

gran masa de municipios de moi reducida entidade demográfica que xeran problemáticas de falta de servizos e ineficiencia dos existentes; estes dous fenómenos, contrarios entre si pero que se están a producir ao mesmo tempo, son os que fan necesaria unha reestructuración do mapa municipal español.

Táboa III.
Número de concellos según habitantes (2013).

Nº HABITANTES	GALICIA	ESPAÑA
-1.000	15	4.848
1.000 a 5.000	177	1.760
5.000 a 10.000	60	506
10.000 a 20.000	32	319
20.000 e máis	23	379

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos extraídos das seguintes fontes: INE, IGE, e Rexistro de Entidades Locais (publicado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

Na actualidade, os procesos de fusión de concellos están regulados pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Ata a aprobación desta lei, a lexislación española no tocante a este tema estaba practicamente esquecida e obsoleta. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, dedicaba á fusión de concellos o apartado 3 do artigo 13, onde se pode ler a posibilidade de que o Estado puidese establecer medidas que fomentasen a fusión de municipios co fin de mellorar a capacidade de xestión local, e sempre atendendo a criterios xeográficos, sociais, económicos e culturais.


A fusión de concellos regulábase con mais detalle no Regulamento de Poboación e Demarcación das Entidades Locais, aprobada polo Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, pero sempre referida a casos de necesidade ou comenencia económica, administrativa, ou de incapacidade de xestión de asuntos públicos locais, e sempre debéndose cumprir algún destes requisitos:

- Que os concellos a fusionarse non tivesen os suficientes requisitos para atender por separado os servizos mínimos esixidos por lei.

- Que se confundan os límites dos dous concellos debido á medra urbanística.
- Que exista unha necesidade económica ou administrativa notoria.

A Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local acaba con estes supostos, establecendo que os municipios que así o desexen poderán fusionarse independentemente da súa poboación, sempre e cando pertenzan á mesma provincia, sexan colindantes, e manteñan o acordo de fusión por un mínimo de dez anos. Podemos entender que esta nova lei non é reguladora de fusionés, senón que mais ben busca fomentar este feito.

Nesta Lei régulanse os servizos que debe prestar o novo concello fusionado, no Artigo 26.1:



No tocante ao investimento económico que se realizará na zona, durante os cinco primeiros anos como mínimo, o novo concello terá preferencia na asignación de plans de cooperación local, subvencións e convenios. O prazo de cinco anos poderá prolongarse coa Lei de Presupostos Xerais do Estado.

En canto ao xeito de levar a cabo os procesos de fusión, non hai unhas pautas marcadas a seguir, pero si hai normas que deben cumprirse e que se atopan no Art. 9 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, así como nos artigos 10, 12 e 13 do Regulamento de poboación e demarcación das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1.690/1986, de 11 de xullo, todo elo en concordancia co disposto no art. 13 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local coa nova redacción introducida pola xa citada Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; así, nos seguintes puntos recóllense as disposicións que debe seguir un expediente de tramitación de fusión de municipios:

1. O expediente iniciarase por acordo dos dous Concellos mediante a aprobación do convenio de fusión por maioría simple de cada un dos plenos dos municipios a fusionar.
2. Os acordos de aprobación dos convenios de fusión deben ser sometidos a información pública por un prazo mínimo de trinta días; finalizado este período, os concellos adoptarán un novo acordo, novamente por maioría simple de cada un dos concellos, no que se solucionarán as reclamacións presentadas en caso de habelas.
3. Se os acordos fosen favorables á fusión, elevarase o expediente ao órgano competente da Comunidade Autónoma dos concellos que, xunto co seu informe, o enviará ao Consello de Estado; ademais, solicitarase un informe da Administración Financeira correspondente. Ao mesmo tempo, farase coñecedor das características do expediente á Administración Xeral do Estado.
4. A resolución definitiva farase mediante Decreto aprobado polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma correspondente e publicarase no

Boletín Oficial do Estado (BOE) e nos Boletíns Oficiais da Comunidade Autónoma e da provincia ás que pertencen os concellos.

5. Unha vez executada a resolución, deberase informar á Administración do Estado. Á vez, a Dirección Xeral de Administración Local deberá por en coñecemento do Rexistro Central de Cartografía das inscricións da nova entidade local, da cancelación de inscrición dos anteriormente existentes, así como das modificacións rexistradas consecuencia da alteración de termos municipais.

Tras rematalo proceso de fusión, a Deputación provincial correspondente, xunto coa Comunidade Autónoma respectiva, coordinarán e supervisarán a integración dos servizos resultantes do proceso.

A Lei 27/2013 establece como novidade un Convenio de Fusión, que debe conter as seguintes cuestións:

- O nome do novo municipio e a capital.
- O plano dos termos municipais que se van fusionar, marcando os límites do novo municipio, para o cal se debe solicitar ao Instituto Xeográfico Nacional información contida no Rexistro Central de Cartografía relativa aos límites xurisdicionais que constitúen o perímetro dos concellos a fusionar.
- Un documento no que figuren os distintos tratamentos urbanísticos de cada concello por separado, mais o compromiso de elaboración dunha normas urbanísticas propias do novo municipio.
- Estipulacións económicas e xurídicas que se propoñen, entre as que se deben atopar as fórmulas de administración de bens e xestión de servizos; deberán aparecer tamén as fórmulas vixente ata a data.
- As medidas redimensionais do novo concello para a adecuación das súas estruturas organizativas, inmobiliarios, de persoal e de recursos, para evitar o solapamento de servizos ou a mala distribución destes.
- Documentación sobre a solvencia do novo concello, incorporando unha memoria xustificativa na que se constate que a fusión non merma a solvencia dos municipios a fusionar.

- O novo concello deberá subrogar en todos os dereitos e obrigas de cada un dos concellos a fusionar. As hipotecas, débedas ou créditos contraídos polos antigos municipios será liquidados polo novo de acordo coa normativa legal vixente.

- A maneira de liquidar as débedas contraídas por cada municipio, para o que se deberán integrar as obrigacións, bens e dereitos patrimoniais que se consideren liquidables nun fondo sen personalidade xurídica e con contabilidade separada, así como un liquidador que se encargará de liquidar o mesmo durante os cinco anos seguintes á fusión.

En todo caso, o Convenio de Fusión, como documento integrante do mesmo, deberá incorporar un Informe sobre a necesidade ou conveniencia da fusión. Trataríase da redacción dun documento no que se plasme unha breve historia de cada un dos municipios afectados, a súa traxectoria, evolución demográfica, e outros aspectos destacables ata o de agora en solitario para continuar coas relación, lazos e vínculos existentes entre todos os chamados á fusión.

O órgano de goberno do novo municipio estará composto pola suma de concelleiros dos Concellos fusionados, e durará ata as próximas eleccións municipais. O que non está regulado é quen será o alcalde.⁸

⁸ Lei 27/2013 de racionalización e sostibilidade da administración local.

3. METODOLOXÍA E FONTES

Como o presente traballo analiza o fenómeno da fusión de concellos dende unha perspectiva multidisciplinar, e debido á falta de material e documentación sobre o tema, a metodoloxía empregada foi tanto cuantitativa (enquisas aos veciños) como cualitativa (entrevista aberta en profundidade ao alcalde e observación participante), ademais de realizar unha análise documental de novas difundidas pola prensa. No momento de comezar esta investigación, marcáronse tres liñas de investigación en torno ás cales debería xirar o traballo: por un lado, a opinión dos veciños, por outro, a dos responsables da fusión, e por último, as novas difundidas pola prensa.

Para poder medir a opinión dos veciños de Oza-Cesuras deseñamos unha enquisa que consta de 10 preguntas (ver anexo 1) sobre a situación dos antigos concellos e do novo, así como a percepción que os veciños tiveron sobre a maneira en que se levou a cabo o proceso, e sobre os cambios que trouxo a Oza-Cesuras. Partindo do total de habitantes de Oza-Cesuras, 4.779, e tras realizar un mostreo aleatorio simple⁹, obtivemos un tamaño mostral de 119, cunha probabilidade do 95% e un erro absoluto do 9%; pero para lograr unha mostra o mais proporcional posible á realidade da poboación de Oza-Cesuras, realizamos unha afixación proporcional¹⁰, o que nos asegurou que cada estrato mostral fose proporcional ao tamaño do estrato poboacional.

	Homes		Mulleres		Total	
	(N _i /N)	n _i	N _i /N	n _i	N _i /N	n _i
18-34	0,098	12	0,078	9	0,176	21
35-64	0,239	28	0,213	25	0,452	53
65 e mais	0,164	20	0,208	25	0,372	45
Total	0,501	60	0,499	59	1,000	119

⁹ $n = (z^2 \cdot pq) / E^2$ onde: n é o tamaño da mostra (neste caso 119)
 z é o nivel de confianza (1'96)
 p é a variable positiva (0'50)
 q é a variable negativa (0'50)
 E é o erro absoluto (0'09)

¹⁰ $n_i = n \cdot (N_i/N)$, onde n_i é o número de elementos na mostra do estrato i .

García Ferrando, Manuel (2004): *Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología*. Madrid: Alianza editorial.

Tras ter a mostra calculada e a enquisa deseñada, procedemos a recoller os datos de dúas maneiras diferentes: por Internet e cara a cara. As distribuídas por Internet foron publicadas na rede social Facebook e tiñan como destinatarios aos individuos de entre 18 e 34 anos; ao terceiro día de ser publicada, xa se conseguiran as enquisas do primeiro grupo de idade, e dezasei do grupo de 35 a 64 anos.

A recollida de datos cara a cara estaba pensada para as persoas de 35 anos en diante, e sobre todo para os maiores de 65, pois a gran maioría non utiliza ferramentas virtuais; ao comezar a realizar este tipo de enquisas atopámonos co problema de que os veciños non se mostraban accesibles para contestar a determinadas preguntas (sobre todo as de temática claramente política) porque, aínda que ao principio se lles explicaba que os cuestionarios eran totalmente anónimos, o feito de que a entrevistadora fose coñecida establecía unha problemática para asegurar este feito. Por este motivo, e tras case unha semana de negativas ante as entrevistas cara a cara, optouse por realizar as entrevistas de maneira telefónica, que ademais de asegurar o anonimato absoluto do entrevistado, reducía considerablemente o custo e o tempo de recollida de datos. Os números de teléfono foron sacados dunha listaxe online da páxina web das Páxinas Amarelas¹¹. Esta tarefa ocupou un tempo de 5 días (dende luns a venres) seguindo un horario fixo todos os días (de 9.00 a 15.00 e de 17.00 a 20.00) que intentaba buscar as franxas horarias con maior afluencia de xente nas vivendas. Tras completar a fase de realización das enquisas, elaborouse unha base de datos coa que levar a cabo a análise da opinión dos veciños.

En canto á entrevista en profundidade co alcalde de Oza-Cesuras (ver anexo 2), foi deseñada buscando chegar a acadar unha complicidade co entrevistado que permitise tocar certos temas que de primeiras poderían resultar incómodos de tratar. A guía inicial da entrevista estaba composta por 13 preguntas onde se trataban, entre outros, os seguintes temas: por qué se levou a cabo o proceso, qué se busca coa fusión, os motivos de non contar coa opinión dos veciños, e a súa opinión sobre o feito de que non se produciran mais fusionés. Tras varios problemas para poder chegar a acordo en canto ao día no que se

¹¹ <http://blancas.paginasamarillas.es/jsp/home.jsp>

realizaría a entrevista, Pablo Cacheiro recibíume no seu despacho da sede de Cesuras (onde se atopa os martes e os xoves) o 21 de maio de 2015; ante a pregunta de se podería gravar a entrevista para facilitarme o traballo de transcripción, mostrouse reticente, polo que debín tomar nota de todo o expresado nesa reunión. A entrevista durou ao redor dos 50 minutos, durante os cales o alcalde de Oza-Cesuras se mostrou moi afable e dialogante, contestando amplamente ás preguntas e adiantándose coas súas respostas a algunhas que aínda non lle formulara. Tras a entrevista, realicei o traballo de transcripción das notas tomadas, e ao posterior estudo da información conseguida.

O terceiro punto a estudar eran realizar unha análise documental das novas difundidas pola prensa; para isto, analizamos o xornal La Voz de Galicia, pois é o de maior tirada na nosa Comunidade Autónoma, e o mais distribuído por Oza-Cesuras, e polo tanto, o máis lido polos seus veciños. Para realizar este rastreo, acudín á hemeroteca da Biblioteca Municipal de Estudos Locais da Coruña, e analicei todos os exemplares da Voz de Galicia dende marzo de 2012 (momento en que saíron á luz as primeiras novas sobre o tema) ata xuño de 2015; esta laboriosa tarefa de buscar e fotografar as novas relacionadas coa fusión prolongouse durante 10 días en horario de 9.00h a 13.00h e de 16.00h a 19.00h de luns a sábado.

A investigación mediante observación participante mencionada anteriormente non se levou a cabo pensando exclusivamente no traballo, senón que sendo a investigadora parte do obxecto de estudo, este tipo de investigación social sobre o tema da fusión leveina a cabo dende o momento en que se fixo pública a nova; o feito de ser residente de Cesuras, e de relacionarme cos veciños tanto do meu concello como de Oza dos Ríos, permitíume durante estes últimos tres anos absorber unha grandísima cantidade de información que sería imposible conseguir nos poucos meses que durou a investigación para o presente traballo, e que me resultou de grande axuda tanto para saber qué preguntas debería incluír na entrevista ao alcalde, e cales na enquisa aos veciños.

4. INVESTIGACIÓN

4.1. Contexto histórico.

a) Que está pasando en Europa? O contexto da austeridade (2005-2015).

A gran maioría dos países de Europa realizaron as fusiones dos seus concellos na segunda metade do século XX, reducindo estas entidades locais nunha media do 62%.

A República Federal Alemaña fixo unha profunda reforma do seu mapa local entre 1960 e 1978, pasando de 24.371 municipios a 8.514, cunha poboación media en cada un deles de entre 5.000 e 6.000 habitantes. Tras esta tendencia unificadora, xurdiron críticas por parte de grupos que aseguraban que desta maneira os gobernos locais perdían representatividade, e que se distanciaban dos cidadáns, o que levou a algúns Lander fusionados a segregarse novamente. A actual Alemaña, trala unificación, ten de novo problemas de inframunicipalismo debido á incorporación dos pequenos concellos da Alemaña do este, o que xera unha incapacidade dos municipios para manter unha administración local estable e eficaz.

Dinamarca reduciu, durante a década dos 70, nunha quinta parte o número de municipios, pasando de 1.387 a 285, onde ningún conta con menos de 1.000 habitantes. Máis recentemente, no 2007, reduciron as súas entidades locais ata acadar os 98, aumentando así a media de poboación en cada un.

Grecia pasou en 1998 de 5.343 a 1.034 seguindo as instrucións do goberno do PASOK ; xa no 2010 o goberno de Nova Democracia con Samarás ao fronte eliminou todos os municipios de menos de 1.000 habitantes seguindo o Plan Kallikrates, polo que se quedou con 325 entidades locais.

Portugal mantivo o seu número de municipios bastante inmóbil, pois ao longo de 60 anos só apareceron 3 novos concellos e non se produciu ningunha fusión. Chegados ao 2012 o goberno de Pedro Passos Coelho aprobou un plan de fusión de concellos seguindo as directrices do Fondo Monetario Internacional, o Banco Central Europeo e a Unión Europea, que esixían esta medida a cambio do rescate económico; este plan constaba de dúas fases:

primeiro, reducir as freguesías das 4.259 actuais a 2.700, e logo, seguir reducindo o número de concellos.

Suecia realizou o seu proceso de fusión en dúas etapas: comezou en 1952, e rematou no decenio 1962-1973; así, pasaron de 2.281 entidades a 286. Para levar a cabo estas fusiós fixeron unha serie de estudos que analizaban en profundidade o problema local, polo que se considera que esta foi a reforma máis científica das levadas a cabo en Europa. Para a reorganización do mapa local creouse unha comisión de estudo, que debía velar porque os novos municipios se agrupasen de maneira tal que tanto as zonas de comercio, como as de finanzas e as de comunicacións se complementasen (Rodríguez, 2006).

O Reino Unido pasou de 1.549 a 484 despois dun duro proceso que durou tan só dous anos, dende 1988 a 1990.

Bélxica pasou de 2.669 a 589 municipios dende 1950 ata o 2010 en paulatinas reformas.

Holanda realizou dúas grandes reformas: do 1950 ao 1990, cando paso de 1.015 a 647 municipios, e do ano 2000 ao 2010, cando pasou de 496 a 54.¹²

Outros países, sen embargo, non optaron por estas medidas:

Finlandia mantén todos os seus municipios intactos; son moi pequenos, e a maioría dos servizos son prestados por organismos supramunicipais de carácter técnico, como as mancomunidades. Este feito está ocasionado pola orografía deste país, composto por moitas pequenas illas e illotes. Recentemente recibiron críticas por este modelo, xa que xera duplicidades de custes administrativos.

Italia seguiu durante moitos anos unha tendencia de formación de concellos, como se pode ver na táboa IV. Pero no 2014, dentro do contexto de crise, o goberno de Matteo Renzi prantexou a posibilidade de eliminar todos os concellos de menos de 1.500 habitantes, tanto fusionándoos como

¹² Rodríguez González, Román (2006): “El territorio local en Europa. Reestructuración de su base organizativa y posibilidades para España”, *Revista de xeografía, Territorio e Medio Ambiente*, nº6: 115-132.

incorporándoos a concellos con maior poboación, suprimir as provincias, xa que os novos concellos podería levar a cabo as funcións que realizaban estas, e crear dez cidades metropolitanas. Pero debido á oposición dos demais partidos políticos, tales medidas non se levaron a cabo, a pesar das presións exercidas por parte da UE para eliminar máis da metade dos actuais concellos.

Francia seguiu o modelo latino do sur de Europa para organizar o seu mapa local. Conta cun alto número de municipios (36.571) xurdidos trala Revolución Francesa, época na que se impulsaba a creación de pequenos municipios. No ano 1971 realizaron un intento de redución de concellos mediante a Lei Marcellin, que promovía a agregación de maneira voluntaria mediante concesión de incentivos financeiros; con esta lei conseguíronse 838 fusións, pero no momento en que desapareceron os incentivos, eses concellos volveron a segregarse. Tras esta situación, o goberno francés decidiu no 1980 poñer en marcha mecanismos de fomento da cooperación para a xestión de servizos de maneira mancomunada para lograr así unha xestión dos recursos máis racional. Nos últimos anos, e debido á incapacidade dos gobernos locais para responder ás demandas e necesidades dos seus habitantes, e máis á insustibilidade deste modelo en época de crise económica, estase cuestionando este modelo de división territorial.

España forma parte tamén do modelo latino, ao igual que Francia, aínda que non conta con tantos municipios, e está inmersa nunha tendencia de redución de concellos mediante a agregación destes. A pesar deste intento fusionador, na actualidade sigue existindo un elevado número de concellos que dificultan a administración de recursos e aumentan o gasto público de maneira importante. Nos últimos tempos, e como consecuencia da crise económica, son numerosas as voces que se alzan para afirmar que este modelo de Administración Local está obsoleto e para reclamar maiores intentos de redución de concellos, e propónse como medida estrela a existencia de incentivos económicos. En contraposición a estes grupos, existen tamén opinións que sosteñen que a unión de municipios xera a perda de identidade dos habitantes, e que propoñen novos sistemas de gobernanza de carácter menos administrativo e baseados en valores identitarios.

Táboa IV.


Número de municipios en Europa por anos.

	1950	1990	2000	2010
PORTUGAL	303	305	306	306
HOLANDA	1.015	647	496	54
DINAMARCA	1.387	275	271	98
REINO UNIDO	2.028	484	423	69
SUECIA	2.281	286	290	290
BÉLXICA	2.669	589	589	589
SUIZA	3.097	3.021	2.844	2.740
GRECIA	5.959	5.992	1.031	355
ITALIA	7.781	8.100	8.102	8.094
ALEMAÑA	24.272	8.077	5.324	16.069
FRANCIA	38.814	36.793	36.565	36.571
ESPAÑA	9.202	8.022	8.117	8.115
FINLANDIA	547	460	448	320

Fonte: elaboración propia a través da recollida de datos en diversas fontes dixitais.

Gráfica 4 a.¹³

Número de municipios en Europa por anos (países con poucos municipios)




Fonte: elaboración propia a través da recollida de datos en diversas fontes dixitais.

¹³ Debido á gran diferenza no número de municipios entre uns países e outros, cunha gráfica sola non se podían apreciar ben os datos, polo que optamos por realizar dúas gráficas: unha na que aparecen os países que teñen reducido número de municipios (gráfica 4 a), e outra para os países que contan con moitos municipios (gráfica 4 b).

Gráfica 4 b.

Número de municipios en Europa por anos (países con moitos municipios)



Fonte: elaboración propia a través da recollida de datos en diversas fontes dixitais.

b) Que está pasando en España? As variacións máis recentes na distribución española de concellos: fusións e segregacións.

Durante os séculos XIX e XX as variacións que se producían no mapa municipal español eran, sobre todo, debidas á absorción de concellos por parte das cidades limítrofes que medraban aceleradamente e traspasaban os límites preestablecidos. Así, no caso de Galicia, atopámonos con 6 cidades que debido á súa crecente actividade económica e industrial, viron cómo a súa poboación se multiplicaba en cuestión de anos, polo que debían anexionar máis territorio; a primeira absorción da que se teñen datos é a dos concello de Alba, Mourente e Salcedo por parte de Pontevedra, que 71 anos despois agregou tamén o concello de Xebe (1940), e no 1960 ao municipio de Pontesampaio. Vigo absorbeu tres concellos limítrofes: Bouzas en 1904, Lavadores en 1941, e Poio en 1942. Ourense experimentou ou crecemento

máis moderado, e so realizou unha anexión no ano 1943, a do concello de Canedo. Similar situación sufriron Santiago (Conxo en 1925 e Enfesta en 1962), Ferrol (Serantes en 1940) e A Coruña (Oza en 1912); este último concello, a pesar de ser un dos que mais medrou, dispuña naquel momento dunha gran masa de territorio útil e sen explotar, pero é actualmente cando os límites con concellos colindantes (Oleiros, Burgo, Arteixo...) comezan a ser dificilmente diferenciábeis debido ao veloz crecemento deste últimos concellos. Lugo non precisou absorber ningún concello limítrofe, dado que partía dende 1837 dun territorio municipal moi amplo, de case 500 km². Se ben é certo que nin os procesos de fusión nin os de segregación de municipios son moi comúns dentro do mapa español, son máis frecuentes os casos de concellos que se separan, que os que deciden unirse.

O caso máis recente de fusión de concellos é a dos municipios coruñeses Oza dos Ríos e Cesuras que, forzosamente, derivaron nun concello chamado Oza-Cesuras no 2014, e que son o corpo central deste traballo. Para atopar a anterior adhesión de municipios debemos remontarnos trinta e catro anos atrás, en 1981, cando Junta del Río de Losa e Junta de San Martín (Burgos) se unen e dan lugar a Valle de Losa; este proceso levouse a cabo debido á mala situación tanto económica como social de ámbolos dous concellos, polo que decidiron unirse para poder manter así os servizos básicos. Logo, no ano 1968, levouse a cabo a absorción de Acebedo del Río por parte de Celanova, ambos sitios en Ourense, debido ao crecemento deste último, que provocou que os límites dos dous concellos non se discernisen correctamente.

Especial mención deben recibir os concellos de Esterri d'Àneu, Guinguet d'Àneu, Espot e Alt Aneu (Pirineo Catalán), que solicitaron unirse en 2013¹⁴, logo de facer un proxecto para analizar os pros e os contras da fusión, pero por desencontros entre os concellos, non se levou a cabo.

Na parte de segregacións, atopamos tres casos galegos recentes: por un lado, a separación de Cariño e Ortigueira en 1988; sete anos despois, en 1995,

¹⁴ http://ccaa.elpais.com/ccaa/2013/04/08/catalunya/1365448996_576127.html

Burela e Cervo deciden segregarse; e en 1997 segue os seus pasos a Illa de Arousa que se escisiona de Vilanova de Arousa¹⁵

Xa no plano nacional, atopámonos cun caso de separación debido a desencontros entre os veciños dun e doutro concello dentro do marco dunha festividade relixiosa; é o caso de El Pinar, que decide separarse de El Golfo (Illa do Hierro) no 2007, pasando a chamarse o primeiro El Pinar del Hierro. Neste mesmo ano Villanueva de la Concepción separouse de Antequera (Málaga), logo de demostrar ante a Consellería de Gobernación da Xunta de Andalucía que funcionaban coma un municipio independente dentro doutro municipio, o de Antequera. No 2009 producíronse dúas segregacións dentro de Cáceres: por un lado, Vegaviana consegue separarse de La Moraleja logo de cerca de cinco anos de proceso, onde sostían que nos seus comezos, Vegaviana era unha poboación independente que foi absorbida por Moraleja debido ao seu reducido número de habitantes. O outro caso é a segregación da Entidade Local Menor de Alagón, pertencente ao municipio de Galisteo, constituíndose en municipio independente co nome de Alagón del Río. No ano 2012, Gadiana del Caudillo decide segregarse de Badajoz, non sen antes someter a votación o nome, facendo valer a Lei de Memoria Histórica; tal consulta saíu favorable ao mantemento do nome antigo.

Podemos comprobar como todos os procesos tanto de fusión como de segregación de concellos se levaron a cabo de maneira voluntaria de ámbalas partes, exceptuando o caso de Oza-Cesuras que analizaremos máis amplamente ao longo deste estudo.

¹⁵ Durante o proceso de documentación, en diversas fontes falábase da segregación do concello de Barreiros, pero tras facer unha ampla búsqueda de información e non atopar naingunha o suficientemente fiable, procedemos a poñernos en contacto coa Casa Consistorial de Barreiros, onde nos desmentiron tal información.

c) Por que só se realizou un experimento fusionador en España dende a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local?

A maior razón que esgrimen os defensores das fusións de concellos é a posibilidade que este feito abre para aproveitar as economías de escala e abaratar custos de goberno. Polo tanto, a razón de ser deste novedoso proceso é económico. Ante esta afirmación, atopámonos coa realidade da única fusión realizada en España tras a lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local: mentres que no Plan de Viabilidade da Fusión se establecía un aforro de 60.000€ en cargos públicos, a realidade mostra que só se aforraron 6.000€¹⁶.

Tras ver o único exemplo real de unificación de concellos, son numerosos os alcaldes que se mostran en contra deste proceso, sostendo sobre todos tres razóns: a perda da identidades, o reducido aforro que supón, e a eliminación dun grande número de postos de traballo.

Ante o factor sentimental da perda de identidade, Francisco Velasco, catedrático de Dereito Local da UAM, afirma que *“En Inglaterra ninguén se molestou cando fixeron fusións obrigatorias porque eles son ingleses, pero en España somos miramonteros ou serrateños, á xente impórtalle moitísimo o seu podo”*. Pola súa parte, Víctor Lapuente, profesor de Ciencia Política na Universidade de Gotemburgo (Suecia), sostén que é moito máis sinxelo que unha poboación se mobilice en contra da unión de concellos por motivos identitarios, que que apoie tal unión por motivos económicos¹⁷.

A perda de identidade é un argumento etéreo, pois o feito de fusionar concellos non supón en ningún momento a perda deste sentimento de pertenza; esta realidade faise visible se nos trasladamos aos municipios, onde os veciños se senten identificados coa súa parroquia e co seu entorno mais inmediato, entorno que non se verá afectado polas fusión, pois tarefas do día a día seguirán a realizarse nos mesmos lugares, simplemente o que hai que ter en

¹⁶ http://ccaa.elpais.com/ccaa/2013/12/01/galicia/1385926500_151711.html

¹⁷ <http://www.elmundo.es/elmundo/2013/08/05/espana/1375717851.html>

conta é que as decisións políticas se toman dende outra Casa Consistorial, e con outro pleno municipal máis extenso e con veciños dos dous concellos.

Victor Lapuente, a cerca do argumento da eliminación de postos de traballo, sostén que sería un auténtico desastre porque as xa amplísimas listas do INEM veríanse incrementadas notablemente pola destrución de postos de emprego que supón a racionalización económica que conleva a fusión de concellos.

Este grave problema analizouno tamén o alcalde de Oza-Cesuras durante a entrevista en profundidade, onde afirmou o seguinte:

“...houbo unha parte [dos empregados dos concellos de Cesuras e Oza dos Ríos] que sí que tivo que irse... por eso as fusionés a nivel España poden provocar un grave problema de botar xente... hai q botar xente. Hai uha cara interesante das fusionés, que pode ser eficiencia, produtividade, economías de escala.. ti funcionas con máis capacidade, pero... tamén é certo que se perden moitos postos de traballo...”

Ademais destes tres factores sinalados polos alcaldes que se mostran contrarios á fusión de municipios, atopamos outro que, aínda que non se admite nos discursos oficiais, sí pode percibirse no análise destes: a unión de municipios conleva o aumento de poboación e, polo tanto, maior número de electorado ao que “convencer” para os seguintes comicios locais, ademais de que, como mínimo, un dos dous alcaldes dos concellos fusionados pasará a ocupar outro posto de “menor categoría”. Ante a pregunta de “por que pensas que non se levan a cabo mais fusionés?”, o alcalde de Oza-Cesuras argumentou o seguinte:

“...Nun país nordico están acostumbrados a pagar moitos impostos, cando aquí o listo é o que defrauda. Pois coas fusionés igual, pensa cantos alcaldes estarían de acordo en ter, para as próximas eleccións, 2.000 veciños máis; se ti queres tes poder político, é mellor ter concellos pequenos que grandes. Posiblemente os concellos queren evitar esa perda de poder político mantendo pequenos concellos. Se queremos de verdade

fusionar concellos, é tan fácil como establecer un decreto; eu acórdome cando fixemos a fusión que saíu un titular “56 alcaldes del PP gallego se rebelan contra la fusión” y me llamaban poco menos que esquírol, pero a mi me da igual...”

Podemos concluir entón que, aínda que os responsables de levar a cabo as fusionés (os alcaldes) se escuden na perda de identidade, na falta e aforro, e na perda de postos de traballo, para non unir concellos, o que en realidade queren evitar é a posibilidade de perder electorado favorable nas seguintes eleccións; aínda que ben é certo que voces a favor deste proceso sosteñen que, de levarse a cabo as fusionés como se prantexa na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, o aforro sería limitado e a eliminación de postos de traballo non compensaría este aforro.

4.2. Os dous concellos antes de fusionarse: Cesuras e Oza dos Ríos.

- Situación socioeconómica.


O concello de Cesuras posúe un territorio de 79,4 km²; está situada no interior da provincia de A Coruña; limita ó norte cos concellos de Abegondo e Oza dos Ríos, ó sur con Mesía, ao leste con Curtis e Oza dos Ríos, e polo oeste con Abegondo e Mesía. As súas 13 parroquias son: Filgueira de Barranca, Borrifáns, Bragade, Carres, Cutián, Dordaño, Figueredo, Loureda, Mandaio, Paderne, Santaia de Probaos, Filgueira de Traba e Transanquelos; estas, xunto cos numerosos lugares, suman 200 entidades poboacionais, que conforman o termo municipal de Cesuras.

Oza dos Ríos é un concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Betanzos. Ocupa unha estreita franxa de terreo de 71,9 km² entre os ríos Mandeo e Mendo, limitando ó norte con Betanzos e Coirós, ó sur con Curtis e Cesuras, ó leste con Aranga e ó oeste con Abegondo. Conta con 12 parroquias: San Martiño de Bandoxa, San Nicolás de Cines, Santa María de

Cuíña, Santa Cruz de Mondoi, San Pedro de Oza, Santo Estevo de Parada, San Pedro de Porzomillos, Santiago de Reboredo, Santa María de Regueira, Santa María de Rodeiro, San Tomé de Salto, e Santo Estevo de Vivente.

Figura 1.

Mapa da situación de Cesuras e Oza dos Ríos en Galicia.



Fonte: mapa aportado polo concello de Oza-Cesuras.

Figura 2.

Mapa de parroquias e Oza dos Ríos e Cesuras.



Fonte: mapa de elaboración propia debido a problemas para adquirilo.¹⁸

¹⁸ Elaborado a partir de FARIÑA JAMARDO, J. (1990): Os concellos galegos. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.

A actividade económica está composta principalmente polo sector agrícola e gandeiro, xa que máis do 70% da poboación activa ocúpase nestas actividades en ámbolos dous concellos; no caso de Oza dos Ríos existe tamén unha notable actividade forestal. Ao tratarse duns concellos sen localizacións industriais nin terciarias, experimentaron intensos e persistentes procesos migratorios, que recortaron o volume poboacional nas ultimas décadas.


Segundo o censo de poboación do INE no 2013, Cesuras contaba con 2.131 habitantes, cunha densidade de poboación de 26,74 hab./km². Oza dos Ríos, pola súa partes, neste mesmo ano, chegaba aos 3.204 habitantes.

Táboa V.
Evolución da poboación de Cesuras e Oza dos Ríos.

ANO	1900	1930	1950	1981	2004	2009	2011	2012	2013
Nº HABITANTES CESURAS	49.89	5.572	6.408	3.740	2.463	2.219	2.225	2.174	2.131
Nº HABITANTES OZA DOS RÍOS	5.475	5.679	6.359	3.744	3.154	3.202	3.229	3.227	3.204

Fontes: elaboración propia a partir de datos obtidos do INE e IGE.

Gráfica 5.
Evolución da poboación de Cesuras e Oza dos Ríos (1900.2013)¹⁹



Fontes: elaboración propia a partir de datos obtidos do INE e IGE.

¹⁹ Nota: entre 1950 e 1981 existen pequenas diferenzas de poboación entre os dous concellos, aínda que coa escala escollida semella que as dúas liñas marquen o mesmo número de habitantes.

- Historia.
 - Cesuras.

No Antigo Réxime, Cesuras tiña as súas parroquias distribuídas nas xurisdicións de Betanzos e Abegondo. Cando aparecen os novos concellos constitucionais, no lugar do que hoxe é concello de Cesuras, figura o concello de Probaos, que figura no partido de Betanzos, e aparece nos documentos que fai a entón Deputación única de Galicia²⁰. Cando no ano 1822 se fai a división de Galicia en catro provincias, Probaos, que segue no mesmo partido xudicial de Betanzos, pasa a depender da provincia da Coruña. Cando se fan os proxectos para levar á práctica o R.D. de 23 de xullo de 1835 pola Deputación Provincial, figura o concello de Trasanqueros con catorce parroquias. O proxecto, que supuxo unha maior autonomía para os concellos, foi levado para a aprobación definitiva á sesión da Deputación Provincial do 6 de xuño de 1836, onde o proxecto do partido xudicial de Betanzos sufriu modificacións: en relación co concello de Trasanqueros cambiouse de nome polo de Cesuras e acadouse que lle fose reducido o número de parroquias de catorce ata as trece actuais.²¹

O 15 de xuño de 1836 aparece publicada a instalación definitiva do partido xudicial de Betanzos, na que o concello de Cesuras da Parroquia de Bragade consta das seguintes parroquias nas que non houbo variacións: Santo Estevo de Loureda, Santiago de Paderne, Santa María de Figueredo, San Pedro de Filgueira de Barranca, San Salvador de Trasanqueros, San Pedro de Borrifáns, San Mamede de Bragade, San Xiao de Mandaio, Santa María de Cutián, San Vincenzo de Carres, San Miguel de Filgueira de Traba, Santaia de Probaos e Santa María de Dordaña.²²

²⁰ Información extraída da sección de historia da páxina web do concello de Cesuras:
http://www.cesuras.es/index.php?option=com_content&view=article&id=88&Itemid=592&lang=es

²¹ Río Barja, Francisco Javier (1958): *La delimitación provincial de Galicia en el siglo XVIII*, Santiago de Compostela: Boletín de la Universidad Compostelana.

²² Erias Martínez, Alfredo (1989): "O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos", *Anuario Brigantino*, nº12: 17-84.

Na pequena etapa dos xulgados comarcais creados pola Orde do 24 de marzo de 1945, Oza dos Ríos dispón dun xulgado comarcal do que depende o xulgado de paz de Cesuras.²³

- Oza dos Ríos.

Cando aparecen os novos concellos constitucionais, no que actualmente é o concello de Oza dos Ríos, figuraba o concello de Enxertados, parroquia de Parada, que figuraba no partido de Betanzos, e aparecía nos documentos que facía a entón Deputación única de Galicia.

Cando no ano 1822 se fixo a división de Galicia en catro provincias, Enxertados, que seguía no mesmo partido xudicial de Betanzos, pasou a depender da provincia da Coruña; pasou a denominarse Oza cando se levou a cabo o R.D. de 23 de xullo de 1835, e se publicou pola Deputación Provincial o proxecto do partido xudicial de Betanzos; neste momento Oza contaba con 10 parroquias.

O proxecto foi levado para a aprobación definitiva á sesión da Deputación Provincial do 6 de xuño de 1836, onde o proxecto do partido xudicial de Betanzos, sufriu modificacións; en relación co concello de Oza, acordouse que lle fose incorporada unha nova parroquia, a de San Nicolao de Cis, que estaba no proxecto do concello de Abegondo.²⁴

O 18 de xuño de 1836 aparece publicada a instalación definitiva do partido xudicial de Betanzos, na que o concello de Oza constaba das seguintes parroquias: San Pedro de Oza, Santo Estevo de Parada, San Martiño de Bandoxa, Santiago de Reboredo, Santa María da Regueira, San Pedro de Porzomillos, Santa Cruz de Mondoí, San Tomé de Salto, Santa María de Cuíña, Santo Estevo de Vivente e San Nicolao de Cis.

O 27 de xuño de 1836 Santa María de Rodeiro foi segregada de Aranga e incorporada a Oza. Até 1916 o concello recibía simplemente o nome de Oza,

²³ Información extraída da sección de historia da páxina web do concello de Cesuras: http://www.cesuras.es/index.php?option=com_content&view=article&id=88&Itemid=592&lang=es

²⁴ RÍO BARJA, F.J. *La delimitación provincial de Galicia en el siglo XVIII*. En: Boletín de la Universidad Compostelana. Santiago, 1958.


pero nese ano pasou a ser chamado Oza dos Ríos para distinguilo do antigo concello de Oza, anexionado en 1912 ao da Coruña.²⁵

Vemos como, entón, a elaboración do mapa de concellos de 1842 resultou ser un proceso laborioso, no que case sempre se respectaron as divisións parroquiais, e para o cal se probaron diversos amaños, como mostran os exemplos de Cesuras e Oza dos Ríos (ver figura 3).

²⁵ Información proporcionada por Alfredo Erias, director do Museo das Mariñas de Betanzos e especialista en investigación histórica local

Figura 3.

Mapa do século XVIII da provincia de Betanzos, onde se poden apreciar as parroquias que conforman o actual concello de Oza-Cesuras.²⁶



Fonte: elaboración propia a partir de Miralbés Bedera R. (1979). *Mapa de los límites de las parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidad.

Cesuras no Século XVIII:

Loureda (xurisdicción de Abegondo)
Xurisdicción de Betanzos.

Oza dos Ríos no Século XVIII:

Xurisdicción de Oza
Xurisdicción de Rodeiro
Xurisdicción de Parada
Xurisdicción de Betanzos.

Límites actuais de Oza-Cesuras²⁷

²⁶ No caso de Loureda aparecían discordancias en canto á xurisdicción á que pertencía (Abegondo ou Mesía), pero decidimos guiarnos polo traballo de Miralbés Bedera citado na fonte debido a que a información estaba máis fundamentada.


²⁷ Os lugares sombreados en rosa marcan a situación actual das parroquias de Cutián, Carres e Paderne, e o sombreado en amarelo corresponde á parroquia de Filgueira de Traba, que xurdiron no século XIX.

- **Análise da situación política** (datos ampliados en anexo 3)

- **Cesuras:**


2011

Participación: 1.658 (81'27%)




2007

Participación: 1.729 (67'80%)




2003

Participación: 1.857 (69'84%)




1999

Participación: 1.944 (71'14%)




1995

Participación: 2.057 (78'54%)





1991

Participación: 1.871 (70'06%)




1987

Participación: 1.731




▪ Oza dos Ríos:




Fonte: elaboración propia a partir de datos extraídos da páxina web do Ministerio de Interior (<http://www.infoelectoral.interior.es/min/>).

Gráfica 6.
Evolución dos resultados electorais en Cesuras (1987 – 2011)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos obtidos na sección de política da edición dixital do Periódico El País. (<http://resultados.elpais.com/elecciones//municipales/11/15/62.html>)

Gráfica 7.
Evolución dos concelleiros obtidos por cada partido político en Cesuras (1987-2011)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos obtidos na sección de política da edición dixital do Periódico El País (<http://resultados.elpais.com/elecciones//municipales/11/15/62.html>)

Gráfico 8.
Evolución dos resultados electorais en Oza dos Ríos (1987 - 2011)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos obtidos na sección de política da edición dixital do Periódico El País (<http://resultados.elpais.com/elecciones//municipales/11/15/62.html>)

Gráfico 9.
Evolución dos concelleiros obtidos por cada partido político en Oza dos Ríos (1987-2011).



Fonte: elaboración propia a partir dos datos obtidos na sección de política da edición dixital do Periódico El País (<http://resultados.elpais.com/elecciones//municipales/11/15/62.html>)

Como se pode apreciar tras o análise dos datos, os concello de Cesuras e Oza dos Ríos estiveron sempre baixo o mando de partidos de dereitas, manténdose ao longo dos anos unha extraordinaria estabilidade electoral. O Partido Popular saíu vitorioso en toda as eleccións con maioría absoluta, aínda que dende as eleccións de 1995, comezou un descenso do número de votos cara este partido en ámbolos dous concellos, tendencia que, no caso de Oza dos Ríos, tornou nas eleccións do 2007 (ver gráfica 7); esta estabilidade de votos está debida, entre outros motivos, a tres factores: a avanzada idade dos habitantes dos dous concellos, a falta dunha verdadeira oposición unida e consolidada, e a non existencia de movementos ou asociacións xuvenís que cuestionen a política actual e a reconfiguren novamente tomando decisións acordes coa situación dos dous concellos. Ademais destes factores, tamén cobra vital importancia para esta estabilidade electoral de Oza dos Ríos e Cesuras o “efecto amigos e veciños” (Tingsten, 1937), que describe cómo os contextos locais poden afectar á conduta electoral dos residentes mediante os fluxos de información política que circula entre o entorno máis cercano deste (os seus veciños e os seus amigos).²⁸ Desta maneira, dentro dos concellos, neste caso en Oza dos Ríos e Cesuras, créase unha rede de conexións na que os individuos tenden a manter conversacións políticas tan só con persoas afíns á súa ideoloxía política; ao tempo que estas redes de conversación se van facendo mais extensas, van incluíndo e convencendo aos electores indecisos. Os partidos existentes nos dous concellos de estudo, PP, PSOE, e BNG son conscientes deste efecto que as conversacións políticas teñen sobre o electorado, polo que se valen de veciños escollidos estratexicamente na maioría das parroquias para crear así as redes mencionadas anteriormente e ir aumentando o seu cupo de votantes.

O PSOE de Cesuras leva unha tendencia de baixada de votos moi pronunciada dende as eleccións do 2003, debido á disolución do grupo existente e a posterior formación doutro con candidatos pouco coñecidos entre os veciños; esta baixada de votos tamén se produciu en Oza dos Ríos a partir do ano 2007. Pola contra, o BNG de Cesuras experimentou unha notable


²⁸ Este mesmo tema foi tratado recentemente (Ortega e Trujillo, 2013) aplicado ao caso das eleccións locais de Andalucía en 2011.

subida dende o ano 1999, momento no que o BNG de Oza dos Ríos comezou un estancamento; pouco tempo despois de producirse a fusión dos dous concellos, o BNG de Cesuras anunciou a súa disolución, e posteriormente parte dos seus concelleiros formaron o grupo Compromiso por Cesuras.

Polo tanto, temos a un partido político que alcanza en todas as eleccións maiorías absolutas (Partido Popular), e os dous restantes (PSOE e BNG) que se complementan no segundo e terceiro posto, subindo un cando baixa o outro.

No caso de Cesuras, o alcalde que máis tempo estivo ocupando o cargo foi José Ferreiro Pardiñas, que comezou ao tempo das primeiras eleccións democráticas, co partido UCD (1979), e estivo no seu posto ata o 2008, debido ao seu falecemento. Neste momento foi substituído por Julian Lucas Ramírez, o cal estivo á cabeza do PP de Cesuras ata o momento da fusión, cando dimitiu por problemas coa xustiza.

En Oza dos Ríos, o mundo político está copado pola familia Peón; como podemos ver na seguinte árbore xenealóxica.



Este caso de política familiar comezou con José Peón, alcalde de traxectoria na época franquista²⁹, que deixou o bastón de mando para cederllo a seu fillo José Ramón Peón Pérez no ano 1981; este estivo no posto de alcalde 30 anos, ata o ano 2011, cando pasou á alcaldía o seu xenro, José Pablo Cacheiro, actual alcalde de Oza-Cesuras; a pesar de non seguir sendo alcalde, e aínda

²⁹ Non conseguimos saber a data exacta na que José Peón chegou ao poder, pois os veciños máis anciás non o lembran, e dende o concello non nos proporcionaron este dato.

tendo un proceso xudicial aberto, José Ramón Peón Pérez ocupa no novo municipio un posto de concelleiro.

A familia Peón rexentaba unha pequena ferretería fundada por José Peón, onde traballaron durante moitos anos José Ramón Peón Pérez e a súa muller. José Pablo Cacheiro, traballou durante longo tempo na empresa privada, realizando traballos de asesor económico.

3. O novo concellos: Oza-Cesuras.

No momento da creación do novo concello formouse unha Comisión Xestora, que se mantivo en funcionamento ata as eleccións municipais realizadas o 24 de maio do 2015. Esta Comisión estaba formada da seguinte maneira: o Presidente, que era o antigo alcalde de Oza dos Ríos e actual alcalde de Oza-Cesuras, catro vicepresidentes (o antigo tenente de alcalde e o segundo concelleiro de cada concello), e oito vogais (cinco de Oza dos Ríos e tres de Cesuras, entre os que se atopaba o antigo alcalde de Oza dos Ríos José Ramón Peón Pérez).

➡ PRESIDENTE: antigo alcalde de Oza dos Ríos e actual alcalde de Oza-Cesuras. (PP)


➡ 4 vicepresidentes: {
antigo tenente alcalde Oza dos Ríos (PP)
antigo tenente alcalde Cesuras (PP)
concelleiro de Oza dos Ríos (PP)
concelleiro de Cesuras (PP)

➡ 8 vogais (5 e 3) {
PP Oza dos Ríos
PP Oza dos Ríos
PSOE Oza dos Ríos
PSOE Oza dos Ríos
BNG Oza dos Ríos
PP de Cesuras
PSOE Cesuras
BNG Cesuras

Tras as eleccións municipais do 24 de maio, á que se presentaron o Partido Popular de Galicia (PPdG), o Partido Socialista de Galicia (PSOE), e o Bloque Nacionalista Galego (BNG), os resultados resultaron ser os que se poden observar na seguinte gráfica; tales resultados serviron para que dende o goberno local sostiveran que os veciños estaban satisfeitos coa fusión e que así o plasmaran nas urnas, aínda que o alcalde José Pablo Cacheiro non opine o mesmo, como afirmou durante a entrevista realizada para esta investigación:

“...Non, vamos a ver, o único que fixeron.. houbo varios referendums.. falouse das autonómicas, das estatais... entonces podían pensar dende fora: Oza-Cesuras está referendado, porque ganou o PP, pero eu penso que eso está equivocado.. eu teño 40 anos, miña filla ten 9... eu penso que esa xeración que vais salindo e que ao mellor colla o espírito de Oza-Cesuras, é a que vai referendar a fusión, non ningún proceso político, nin porque eu o diga... o tema das identidades é moi importante...”

Gráfica 10.
Resultados electorais Oza-Cesuras 2015.



Fonte: elaboración propia a partir de datos extraídos da páxina web no Ministerio de Interior (<http://resultados.elpais.com/elecciones/municipales/11/15/62.html>)

Cunha participación do 73´46% (3.454 habitantes), pódese comprobar cómo os datos das primeiras eleccións deste novo concellos non se diferencian moito das anteriores cando estaban os concellos de Oza dos Ríos e Cesuras por separado. Os datos de abstencións (26´54%) e de votos nulos e en branco (4´39%) medraron levemente con respecto aos datos das últimas eleccións do 2011.

Contra o que podería esperarse, e a pesar da oposición dos veciños, sobre todo de Cesuras, cara a fusión, o Partido Popular de Galicia (PPdG) alcanzou unha maioría absoluta que ven existindo nos dous concellos dende a existencia de eleccións democráticas.

4.4. A narrativa mediática e política. A prensa.

Ao comezo deste traballo partiamos da hipótese seguinte: *“Existe unha limitada coherencia na edición do xornal La Voz de Galicia entre as novas co paso do tempo, e mais entre as novas publicadas na versión en papel e a versión dixital, o que podería ter que ver coa limitada coherencia da liña da fusión. De existir incoherencia, o xornal podería emendalo elixindo a páxina onde publica as novas.”* Para comprobar se esta hipótese é certa, ou pola contra está equivocada, realizamos unha táboa na que comparamos as novas publicadas no xornal La Voz de Galicia cada día na versión en papel e na versión online dende o 2012 ata o 2015 (ver anexo 4).

No total destes tres anos, foron publicadas 132 novas onde o protagonista é Oza-Cesuras, das cales 63 pertencen á versión impresa e 69 á versión online. Na seguinte táboa móstranse os datos numéricos pormenorizados.

	2012	2013	2014	2015	TOTAL
PAPEL	33	17	6	7	63
ONLINE	46	19	1	3	69
TOTAL	79	36	7	10	132

Segundo van avanzando os anos, o número de novas publicadas vai diminuindo considerablemente, aínda que neste presente ano 2015 aumentaron debido ás eleccións municipais e á posibilidade de inconstitucionalidade do proceso.

En liñas xerais, as novas publicadas na versión impresa son mais



sensacionalistas que as que podemos atopar na páxina web da Voz de Galicia³⁰, como por exemplo, no caso da voda entre un veciño de Oza dos Ríos e a filla do antigo alcalde de Cesuras, que se mostrou en portada baixo o titular “Oza y Cesuras se dan el si, quiero”, coma un exemplo mais da unión entre os dous concellos

Posiblemente, a escolla deste tipo de novas para a edición impresa non sexa deixada ao azar, pois dende a

redacción son perfectamente conscientes de que os lectores deste tipo de edición son persoas de avanzada idade, a maioría cunha reducida capacidade de crítica cara os alcaldes; relacionado con isto está o feito que dende o 2012 ata mediados de 2014, a versión impresa mostraba unha liña máis crítica que a versión online, aínda que as novas que deixaban peor parado ao proceso, polo xeral, quedaban “agochadas” nunha esquina da sección área metropolitana. Foi a raíz da posible inconstitucionalidade do proceso de fusión, cando comezaron a publicar este tipo de novas tamén na versión online; chama especialmente a atención unha nova publicada na edición onlie o catorce de

³⁰ <http://www.lavozdeg Galicia.es/>

setembro de 2014 co titular “Concellos fusionados sí, pero no fundidos”, unha dura crítica cara os responsables da fusión pola falta de resultados un ano despois de producirse a unión.³¹

Actualizado: 05:06 h. domingo, 14 de septiembre de 2014

Edición en Castellano

Portada Galicia A Coruña A Mariña Arousa Barbanza Carballo Deza Ferrol Lemos Lugo Ourense Pontevedra Sa

Temas Operación Pokémon Radares de la DGT Diada en Cataluña Reforma electoral Mundial de baloncesto Vuelta a España Real Ma

GALICIA

Concellos fusionados sí, pero no fundidos

Vecinos de Oza-Cesuras echan de menos los proyectos reactivadores prometidos antes de su unificación

JUAN CARLOS MARTÍNEZ
redacción / La voz 14 de septiembre de 2014 05:00

★★★★★ 7 votos

SABER MÁS...

Fusión de concellos

Publicidad

Trae tu seguro de coche a la Mutua y te regalamos el de hogar y el de moto.

3x1

Promoción sujeta a normas de suscripción.

MUTUAMADRILEÑA Contrátalo ya

Luis → la izquierda- y Enrique, indignados por el trato que se da al parque del Sanatorio. PACO RODRÍGUEZ

Especial mención cobra o feito de que respecto á dimisión do antigo alcalde de Cesuras, Julián Lucas, motivada por unha condena por estafa, non se informe en ningunha das edicións do xornal, senón que a información saíu á luz a través de outros xornais³²; pola contra, só na versión online aparece publicada unha nova onde Julián Lucas xustifica a súa marcha debido a que recibiu ameazas e presións tras comezar o proceso de fusión.

Xa ma etapa de Pablo Cacheiro como alcalde de Oza-Cesuras, unha das medidas máis controvertidas foi a relacionada co seu soldo, que incrementou en 1.700€ xustificando maior carga de traballo co novo concello; na versión impresa non se atopa nin rastro desta información, e na versión online aparece unha entrevista onde o rexidor de Oza-Cesuras afirma “*Mi sueldo no será un problema de la fusión, me lo bajo y punto*”. Tras esta nova, non volveron a

³¹ Para facilitar a lectura do presente traballo, as referencias da páxina de Internet das novas da versión online, e as fotos das novas da versión impresa, poderán atoparse no apartado “Anexos”.

³² http://caaa.elpais.com/caaa/2013/05/28/galicia/1369732831_722548.html

informar do tema, a pesar de que o soldo de Pablo Cacheiro volveu aumentar meses despois alegando a xa usada xustificación do incremento do traballo; ao igual que no caso da dimisión de Julián Lucas, esta nova foi coñecida a través doutros xornais³³.

Unha nova que sí aparece tanto na versión impresa coma na online, é a relacionada coa controvertida iniciativa do alcalde de Oza-Cesuras para protestar contra a falta de inversión do Ministerio de Facenda no novo concello, logo de prantexalo como un dos incentivos da unión: a colocación de pancartas en diversos lugares do concello co lema “Montoro no discrimines a Oza-Cesuras”.

Esta maneira de levar a cabo as publicacións, onde non existe coherencia entre unha versión e a outra, onde se deixan de publicar, se “maquillan”, ou se camuflan en seccións pouco lidas certas novas pouco beneficiosas para o proceso resulta, canto menos, chamativa; tal feito pode indicarnos que os medios de prensa son empregados polas autoridades para manexar dunha maneira “produtiva” a información e así poder controlar a opinión dos lectores.

4.5. A opinión dos veciños.

A parte mais afectada de dita fusión, tanto para ben como para mal, son os veciños do concello de Oza-Cezuras. Xa que no momento de comezar co proceso de unificación dos dous municipios dende as institucións responsables non se tivo en conta a opinión dos cidadáns, consideramos que unha das partes máis importante desta investigación debería ser a medición e posterior análise de ditas opinións. Para elo, e como xa explicamos no apartado de Metodoloxía, realizamos unha enquisa (ver anexo1). Tras a recollida de datos e a súa posterior análise, obtivemos datos moi reveladores, sobre todo do por qué da oposición dos veciños á fusión: a desconfianza xerada polo descoñecemento dun proceso novedoso en España, e do cal non recibiron

³³ <http://www.elmundo.es/espana/2013/11/25/52939dd563fd3d96458b4573.html>

explicación algunha nin por parte dos responsables do concello nin da Deputación, nin da Xunta.


Do total das 119 persoas enquisadas, antes a pregunta de cómo consideran que era a situación socio-económica do seu antigo concello (antes de producirse a fusión), un 45% respondeu mala, mentres que o 32% considera que era boa, como mostra a seguinte gráfica. Só un 7'56% considera que era moi boa, e case un 15% que era moi mala.

Se dividimos os datos anteriores por concellos, vemos cómo os veciños de Oza dos Ríos se dividen por igual entre os que pensan que a situación socio-económica de Oza dos Ríos era boa, e os que pensan que era mala, cun 44% para cada opinión; exactamente o mesmo para coas opcións moi boa e moi mala, que reciben cada unha case un 6% de respostas.

Pola contra, os veciños do desaparecido concello de Cesuras optan maioritariamente por calificar a situación socio-económica do seu municipio como mala cun 46%, e moi mala cun 20%; só o 23% vía a Cesuras nunha boa situación, e un ínfimo 7% nunha moi boa situación.

Gráfica 11.


Percepción dos veciños de Oza-Cesuras sobre a situación socio-económica do seu antigo concello.



Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación

Gráfica 11 a.

Percepción dos veciños de Oza-Cesuras sobre a situación socio-económica do seu antigo concello (separado por antigo concello de residencia)




Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

Ante a pregunta de cómo ven o novo concello de Oza-Cesuras na actualidade, case o 40% afirma que moi mal, cifra que choca considerablemente co 14% que alcanzaba esta mesma valoración na anterior pregunta (véxase gráfica 12), e un 31% responde que Oza-Cesuras ten agora mesmo unha mala situación socio-económica. Pola contra, un 25% ve en boa situación ao novo concello, e só un 4% o ve moi ben. Podería dicirse, tras este análise, que a fusión, a ollos dos veciños, non serviu para sacar a flote a dous concellos que estaban afogando, senón todo o contrario.

Ao igual que na anterior pregunta, existen notables diferenzas entre as respostas dos veciños de Cesuras e as dos veciños de Oza dos Ríos; así, vemos como dende Cesuras son moi taxantes á hora de definir a situación do concello fusionado de moi mala cun 62% de respostas, mentres que esta mesma calificación mirada dende os ollos dos veciños de Oza dos Ríos só recibe un 13% de valoración. Pola contra, estes últimos ven a situación do novo concello maioritariamente mal (cun 23%), estando cerca a valoración dos veciños que o ven nunha boa situación (20%). Onde sí están de acordo os veciños de ámbolos dous concellos é no feito de que o novo concello non está nunha situación moi boa, pois en ningún dos dous casos chega ao 5% esta valoración.

Gráfica 12.


Percepción dos veciños de Oza-Cesuras sobre a situación socio-económica do seu novo concello.



Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

Gráfica 12 a.

Percepción dos veciños de Oza-Cesuras sobre a situación socio-económica do seu novo concello (separado por antigo concello de residencia)



Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

En resumidas palabras, os veciños de Oza-Cesuras consideran que aínda que por separado os dous concellos vivían unha mala situación socio-económica, a fusión non só non solucionou esta problemática, senón que a empeorou notablemente.

Fixémonos agora en cómo afecta a variable votar a un partido ou a outro na percepción que os veciños teñen da situación dos concellos antes e despois da

fusión. Prestaremos especial importancia aos votantes do Partido Popular, xa que en principio o esperado é que os simpatizantes dunha opción política estean de acordo coas decisións tomadas polos seus líderes; por iso, este grupo de electores serán o mellor termómetro para medir a existencia ou falta de satisfacción cos cambios acadados trala fusión. Para isto, cruzamos en primeiro lugar a variable “votar ao PP nas eleccións municipais do 2011³⁴” tanto en Cesuras coma en Oza dos Ríos, coa variable “percepción da situación socio-económica do teu antigo concello”, e por outro lugar cruzamos a variable “votar ao PP nas eleccións municipais do 2015” coa variable “percepción da situación socio-económica de Oza-Cesuras”, para logo poñer en contraste ámbolos dous cruces de variables (ver táboa 6).


O dato que máis chama a atención é o feito de que tanto en Cesuras como en Oza dos Ríos, os votantes do Partido Popular ven a Oza-Cesuras peor do que estaban os dous concellos antes de fusionarse; concretamente, un 66´6% dos votantes do PP de Cesuras ven a situación do novo concello como moi mala, mentres que os votantes deste mesmo partido político, no ano 2011, vían a situación de Cesuras mal con case un 60%, e non había ningún votante que optase pola valoración “moi mal”. En canto aos votantes do Partido Popular de Oza dos Ríos, seguen unha tendencia parecida, pois mentres que no 2011 o 75% dos votantes do Partido Popular vían ao seu municipio nunha boa situación socio-económica, só o 37% dos votantes do PP no ano 2015 seguen pensando o mesmo de Oza-Cesuras, mentres que o 62% considera que o novo concello empeorou (escolloendo a valoración “mala”). Se nos fixamos na valoración “moi boa” vemos cómo no 2011 un 7´4% dos votantes do PP de Cesuras e un 18% dos de Oza dos Ríos optaban por esta opción, mentres que os votantes do PP nas eleccións de 2015 seguen a tendencia comentada anteriormente e ningún elector ve moi ben a Oza-Cesuras.

É de considerable importancia ter en conta cómo nin os votantes do partido político que levou a cabo a fusión (PP) están satisfeitos cos resultados acadados ata a data.

³⁴ As eleccións municipais do 2011 foron as últimas que se realizaron antes de producirse a fusión dos concellos.

Gráfica 14.

Percepcións dos votantes do PP en Oza-Cesuras sobre a situación do seu antigo e actual concello (2011-2015).



Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

Táboa 6.

Percepcións dos votantes do PP en Oza-Cesuras sobre a situación do seu antigo e actual concello (2011-2015)

	PP 2011		PP 2015	
	Cesuras	Oza dos Ríos	Cesuras	Oza dos Ríos
MOI BOA	2 (7'4%)	3 (18'75%)	0	0
BOA	9 (3'3%)	12 (75%)	0	3 (37'5%)
MALA	16 (59'2%)	1 (6'25%)	6 (33'3%)	5 (62'5%)
MOI MALA	0	0	12 (66'6%)	0

Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

Táboa 8.

Percepcións dos votantes do PSOE e BNG en Oza-Cesuras sobre a situación do seu antigo e actual concello (2011-2015)

	PSOE 2011		PSOE 2015		BNG 2011		BNG 2015	
	Cesuras	Oza dos Ríos	Cesuras	Oza dos Ríos	Cesuras	Oza dos Ríos	Cesuras	Oza dos Ríos
MOI BOA	0	0	0	0	0	0	0	0
BOA	5 (35'7%)	5 (71'4%)	6 (25%)	4 (50%)	2 (40%)	6 (37'5%)	5 (33'3%)	10 (50%)
MALA	3 (21'4%)	1 (14'3%)	8 (33'3%)	2 (25%)	2 (40%)	10 (62'5%)	6 (40%)	10 (50%)
MOI MALA	6 (42'85%)	1 (14'3%)	10 (41'66%)	2 (25%)	1 (20%)	0	4 (26'6%)	0


Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

Fixándonos agora nas opinións dos votantes dos dous partido minoritarios en Oza-Cesuras (PSOE e BNG), vemos como son os simpatizantes do PSOE de Cesuras os mais críticos á hora de valorar a situación tanto de Cesuras como de Oza-Cesuras; así, o 42% dos votantes do ano 2011 consideran que o seu concello estaba nunha moi mala situación, cifra que baixa case imperceptiblemente no ano 2015 (41%). Ademais, un 35% dos votantes consideraba que no 2011 Cesuras pasaba por unha boa situación, pero no 2015. Seguindo con este mesmo partido político, pero mirando cara os votantes de Oza dos Ríos, a situación cambia: no 2011 un 71% dos votantes do PSOE escollía a opción “boa situación” para caracterizar o seu concello, e no 2015 seguiu sendo esta a valoración maioritaria, cun 50% do electorado de acordo.

O Bloque Nacionalista Galego foi o máis crítico no momento de levarse a cabo a fusión tanto coas formas, como cos resultados acadados, pero parece que o seu electorado se mantén máis moderado que o do PSOE, pois tanto no 2011 como no 2015 os seus votantes repártense case equitativamente entre as opcións “boa situación” e “mala situación”. No 2011 vemos cómo era o electorado do BNG de Oza dos Ríos o que valoraba peor a situación do seu concello (62%) con respecto a Cesuras, onde o 40% dos votantes vía ben a situación do seu concello, e outro 40% vía mal. Tras a fusión, a opción que máis votos recibiu no caso dos veciños de Cesuras foi a de “mala situación” (40%), aumentando en 6 puntos a valoración “moi mala situación” (26'6%); pola contra, en Oza dos Ríos os veciños repartiron as súas valoracións entre “boa situación” (50%) e “mala situación” (50%) (ver táboa 8).

Para poder darlle cabida a certos comentarios predominantes entre os veciños e poder medilos, unha das preguntas da enquisa realizámola utilizando unha escala tipo Likert, onde aparecían as frases que poden verse na gráfica 15. Neste caso non dividimos os datos segundo antigo concello de residencia porque os resultados acadados eran moi similares.

Gráfica 15.
Opinión dos veciños de Oza-Cesuras sobre unha serie de frases sobre a fusión.



Fonte: elaboración propia a raíz dos datos extraídos da enquisa realizada aos veciños de Oza-Cesuras para esta investigación.

Ante a frase “estou totalmente en contra do proceso de fusión”, 59 persoas, que supoñen o 59% dos enquisados, responderon estar completamente de acordo, seguidos dun 27% (32 persoas) que respondeu estar de acordo, e un 10% que asegurou estar totalmente en desacordo con esa frase.

Similares respostas acadou a frase “os responsables da fusión deberon informar aos veciños sobre os beneficios e desvantaxes da fusión”, onde un 71% dos enquisados asegurou estar “totalmente de acordo”, mentres un 12% dixo estar “de acordo”.

Un dos comentarios que máis se escoitaba entre os veciños tras a fusión era que o proceso de fusión era só unha maneira de enriquecer a uns pouco; ante

esta frase, un 67% dixo estar “totalmente de acordo”, atopando a contraposición no case 20% (18´5%) que asegurou estar “en desacordo” con tal frase.

Ante a afirmación “tras a fusión notáronse cambios a mellor nas condicións de vida dos veciños”, o 50´4% dos enquisados (60 persoas) optou pola resposta “en total desacordo, seguidos por un 25% que dixo estar “en desacordo”.

O 53% dos enquisados asegurou estar totalmente en desacordo coa maneira en que se levou a cabo o proceso de fusión, seguidos por un 26% que está en desacordo; neste punto aparece un 20% que di estar totalmente de acordo coa maneira en que se manexou este novidoso fenómeno fusionador.

Case un 40% está totalmente en desacordo coa frase “ a fusión resultou beneficiosa para os dou concellos”, xunto cun 32% que está en desacordo.

Esta cuestión está directamente relacionada coa variable “a fusión resultou mais beneficiosa para Oza dos Ríos que para Cesuras”, que apoia totalmente un 36% dos enquisados, fronte a un 10´1% que está totalmente en desacordo.

Para rematar, un 44% asegura estar totalmente en desacordo coa afirmación “de facerse un referendo para analizar a opinión dos veciños, votaría a favor da fusión”, contra un case 20% que asegura estar totalmente de acordo con esta variable. É dicir, case a metade dos enquisados votarían non nun suposto referendo onde se preguntase se desexarían fusionar os dous concellos; unha boa parte dos enquisados comentaban que votarían “non” porque descoñecen os pros e contras deste proceso, xa que é moi novidoso e non existen antecedentes cercanos dos que tomar referencias; de ahí xorde o 71% dos enquisados que aseguran que os responsables da fusión deberían informar aos veciños.

5. CONCLUSIONES

Ao comezo deste estudo establecemos tres hipóteses en torno ás que xiraría a investigación

A primeira delas dicía o seguinte:

- ✓ O proceso é mais complicado que unha simple tendencia europea á fusión, pois hai diferenzas entre países, e Oza-Cesuras constitúe unha excepción.

Tras realizar unha comparativa con Europa, vemos cómo non todos os países acataron o proceso de fusión de concellos da mesma maneira, e incluso algúns se negaron a levar a cabo tal proceso (Finlandia, Italia, Francia). Certo é que no actual contexto de crise, dende a Unión Europea con cada vez mais as voces que insisten na necesidade de fusionar concellos para conseguir un aforro económico, pero tales exixencias non están sendo aceptadas por igual en toda Europa, e o caso de España é un claro exemplo; no noso país, a pesar de que o Presidente do Goberno e o da Xunta de Galicia aseguraron que estaban en marcha numerosas fusionés, tras a de Oza dos Ríos e Cesuras non se levou a cabo ningunha mais, feito que, unido aos casos de Finlandia, Italia e Francia, demostran que non existe unha tendencia europea casa as fusionés, e que o caso galego foi unha excepción. Polo tanto, podemos dar por válida a primeira hipótese deste traballo.

A seguinte hipótese tocaba o tema da opinión dos veciños:

- ✓ Deberían existir diferenzas nas opinións dos veciños dependendo de dúas variables: a localidade de residencia, e a ideoloxía política.

Como xa comentamos no punto “4.5. A opinión dos veciños”, existen diferenzas entre as opinións dos veciños de Cesuras e Oza dos Ríos, tendo peor concepción tanto do antigo como do novo concello os primeiros, e sendo máis positivos os segundos. En canto ao efecto que a variable “ideoloxía política” provoca sobre os veciños, comprobamos que si existen diferenzas dependendo do partido político ao que se vote, pero non son excesivamente marcadas, nin chegan a fixar unha tendencia clara, pois aínda que os valores son diferentes

entre os distintos votantes, as opinións dos tres tipos de electores (PP, PSOE, BNG) sempre oscilan entre dúas das valoracións existentes na enquisa: “moi mala situación do concello” e “mala situación do concello”. Polo tanto, podemos dicir que esta hipótese é válida en canto ao tocante á variable “localidade de residencia”, pero non é válida no referente á variable “ideoloxía política”.

A última das hipóteses era:

- ✓ Existe unha limitada coherencia na edición do xornal La Voz de Galicia entre as novas co paso do tempo, e mais entre as novas publicadas na versión en papel e a versión en liña, o que podería ter que ver coa limitada coherencia da liña da fusión. De existir incoherencia, o xornal podería emendalo elixindo a páxina onde publica as novas.

Esta hipótese foi analizada no punto “4.4. A narrativa mediática e política. A prensa.” Tras poñer en comparativa todas as novas publicadas no xornal La Voz de Galicia nas dúas edicións existentes (impresa e en liña), si que atopamos incoherencias entre unha liña editorial e a outra, xogando con publicar novas nunha edición e omitíndoas noutra, ou publicando certas novas incómodas en seccións menos vistas; polo tanto, esta última hipótese podemos dala por válida.

Agora xa, tras a recollida de información e o seu posterior análise, contando coa opinión de todas as partes implicadas, e tendo como nexo de referencia o que está a ocorrer en Europa, é o momento de establecer conclusións.

Por un lado, sabemos que procesos de fusión de concellos son necesarios, debido sobre todo ao actual momento de crise, que nos obriga a aforrar e rentabilizar os servizos ao máximo, e exemplos coma o de Dinamarca, demostran que facendo as cousas ben, se conseguen grandes avances: escolas, centros de saúde, centros para persoas maiores... máis eficientes, un grande aforro en servizos básicos, e persoal máis cualificado; pero tamén é certo que se reduce considerablemente o número de empregados nos concellos, o que provocaría un brutal aumento dos inscritos nas listas do paro,

como afirma o economista Gay de Liébana nun interesante documental sobre este proceso retransmitido polo canal de televisión La Sexta³⁵.

No caso do concello de Oza-Cesuras, a oposición dos veciños veu dada, sobre todo, polo descoñecemento que, aínda a día de hoxe, se ten deste fenómeno; ademais, o feito de que dous anos despois non se vexan cambios no concello, acrecentan as dúbidas dos habitantes de Oza-Cesuras. Sen esquecermos de que o caso deste concello foi visto como un experimento poderíamos dicir que fracasado, pois a día de hoxe, nin se sabe de ningunha unión mais, nin se espera, atopando entre as razóns deste feito, a pouca cooperación dos alcaldes dos concellos candidatos.

Fusións de concellos si, pero seguindo sempre uns plans de viabilidade estudados e traballados por expertos, respectando en todo momento as identidades dos veciños, e traballando dende o territorio a fusionar, non dende os despachos onde se trazan plan cuadriculados que non se axustan á realidade do día a día.

5.1. Fortalezas e debilidades do traballo.

Este traballo de investigación partiu totalmente de 0, tendo só como alicientes o interese que o tema espertaba en min, e o inestimable apoio do meu titor José María Cardesín.

Debido á falta de información xa mencionada anteriormente sobre este tema, a fase de investigación teórica resultou ser moi lenta, laboriosa e ardua; quizais poidamos atopar nese punto a maior debilidade deste traballo, pois tiven que facerlle fronte á escaseza relativa de teorías e traballos escritos sobre o tema. Pola contra, esta falta foi suplida por un gran traballo de investigación sobre as normas e leis que ordenaron e ordenan tal proceso, así como unha minuciosa comparativa cos casos europeos, tarefa que esixiu realizar varios contrastes de información para poder verificar a verdade.

³⁵ http://www.lasexta.com/programas/equipo-investigacion/noticias/dinamarca-modelo-ahorro-eliminando-ayuntamientos_2014062700289.html

Por outro lado, o minucioso e laborioso traballo de campo (entrevista, enquisas e observación participante) que me permitiu coñecer en profundidade a realidade dos veciños, e poder configurar unha completa base de datos, é a parte coa que máis satisfeita me atopo, e na que mellor puiden aplicar os aprendizaxes absorbidos durante estes catro anos de carreira.

Ademais, precisa especial mención a exhaustiva recollida de información na prensa, e a posterior comparación entre as novas da edición impresa e a dixital; aínda que debo mostrar como cuestión a mellorar o feito de que só tiveron ocasión de facer unha análise xeral da devandita documentación de prensa, información á que desexo sacarlle maior partido en investigacións posteriores a este traballo.

Polo tanto, penso que as debilidades do traballo (falta de información) están superadas con creces polas fortaleza, como son o amplo traballo de campo, a introdución nun tema novidoso moi pouco estudado, e o estudo deste citado tema dende unha perspectiva moi ampla e multidisciplinar.

6. BIBLIOGRAFÍA

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- Benabent Fernández de Córdoba, Manuel (2006): *La ordenación del territorio en España*. Sevilla: Consejería de Obras Públicas y Transportes.
- Castro, Concepción de: *La revolución liberal y los municipios españoles*, Madrid: Alianza.
- Erias Martínez, Alfredo (1989): "O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos", *Anuario Brigantino*, nº12: 17-84.
- Fariña Jamardo, José (1990): *Os concellos galegos*, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- García Ferrando, Manuel (2004): *Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología*. Madrid: Alianza editorial.
- Miralbés Bedera, Rosario (1979): *Mapa de los límites de las parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago.
- Río Barja, Francisco Javier (1958): *La delimitación provincial de Galicia en el siglo XVIII*, Santiago de Compostela: Boletín de la Universidad Compostelana.
- Rodríguez González, Román (2006): "El territorio local en Europa. Reestructuración de su base organizativa y posibilidades para España", *Revista de xeografía, Territorio e Medio Ambiente*, nº6: 115-132.
- Rodríguez González, Román (2009): *Reformar la administración territorial. Municipios eficientes y viables*, A Coruña: Netbiblio.
- Rodríguez González, Román (2005): *Territorio y gobierno local en España. Un planteamiento de reestructuración por fusión como realidad necesaria*, Madrid: Thomson/Civitas.
- Tingsten, Herbert (1937): *Political behavior: studies in election statistics*, London: P.S. King.
- Creación, supresión y fusión de municipios tras la entrada en vigor de la ley 27/2013 de racionalización y sostenibilidad de la administración local (en línea) <http://www.femp.es/.../CREACION,%20SUPRESION%20Y%20FUSION%20D>. consulta realizada el día 08/02/2015.

- Censo de poboación 2001, INE (en liña) <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft20%2Fe242&file=inebase&L=0>. Consulta realizada 24/01/2015
- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (en liña) <http://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1985-11672>. Consulta realizada o 22/01/2015.
- Lei 1/1987 de 27 de marzo, de Eleccións para as Xuntas Xerais dos Territorios Históricos de Áraba, Bizkaia e Gipuzkoa (en liña) http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2012/03/22/. Consulta realizada o 14/03/2015.
- Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, impuestos. (en liña) <http://www.minhap.gob.es/es.ES/Areas%20Tematicas/Impuestos/Paginas/default.aspx>. Consulta realizada o día 17/04/2015.
- Listado telefónico dos veciños de Oza-Cesuras (en liña) <http://blancas.paginasamarillas.es/jsp/home.jsp>. Consulta realizada o 18/05/2015
- Rexistro de Entidades Locais (en liña) <http://ssweb.seap.minhap.es/REL/frontend/inicio/municipios/12/13424> consulta realizada o día 24/01/2015.
